A TRABE DE OURO

PUBLICACIÓN GALEGA DE PENSAMENTO CRÍTICO

TOMO III./ ANO IV./ 1993
Xullo • Agosto • Setembro

CARTA ABSTRACTA A UN PINTOR ABSTRACTO OU O QUE É O MESMO, POR QUE É PERTINENTE A ABSTRACCIÓN NA PINTURA
J. F. de Laiglesia

UNHA APROXIMACIÓN Á OBRA DE JORGE CASTILLO
Xavier Seoane

A EDUCACIÓN DO INTELECTO
Teresa Barro

A ABSTRACCIÓN EN GALICIA: UN DEBATE QUE NUNCA EXISTIU
Antón Castro

A OUTRA POESÍA (O CARÁCTER ESENCIALIZADOR DA POESÍA VANGARDISTA)
Carlos L. Bernárdez

A GADAÑA NO MUNDO
X. L. Méndez Ferrín

ENRIQUE X. MACÍAS, DISCURSO PARA CAMBIAR DE SÉCULO
Guillermo García-Alcalde

CATRO CORES ADOBÍAN O MUNDO
J. V. Foix

O HOME QUE FALABA ARAMEO
Reimundo Patiño

sotelo blanco

A TRABE DE OURO

PUBLICACIÓN GALEGA DE PENSAMENTO CRÍTICO

DIRECTOR
X. L. Méndez Ferrín

SECRETARÍA DE REDACCIÓN
Rosa López Fernández
Francisco Fernández Rei

CONSELLO DE REDACCIÓN
Miguel A. Seixas / Francisco Sampedro
Antón Figueroa / Manuel Guede
Marcial Gondar Portasany / Luís Mariño
Xavier Vence / Margarita Ledo Andión
Paco Martín / Darío Xohán Cabana
Xosé Cid Cabido / X. M. García Crego
Manuel Cidrás / Manuel Forcadela
Manuel Outeiriño / X. M. Salgado
X. Antón L. Dobao / Iago Seara
Antón Reixa

DESEÑO GRÁFICO
Francisco Mantecón

EDITOR
Olegario Sotelo Blanco

EDITA
SOTELO BLANCO EDICIÓNS, S. L.
San Marcos s/n
15.820 Santiago de Compostela
Publicidade: Tel. (981) 58 25 71
Fax (981) 58 72 90

SANTIAGO POR MAGNUM

Margarita Ledo Andión

A Universidade de Santiago produce a creación fotográfica contemporánea que servirá de referencia para falarmos, dende O Visual, da política de representación en torno a Compostela.

Sobre Santiago, a obra de tres fotógrafos da Axencia Magnum, exhíbese no Pazo de Fonseca ata xaneiro do 1994.

No 1947 catro fotógrafos reúnense no restaurante do Museo de Arte Moderna de New York, e deciden continuar a liña de solidariedade creativa e profesional coa que se foran identificando, con diferentes orixes e práctica, dende dentro da historia, é decer, con visión de Autor ou o dereito a se involucrar no que se fotografía e ao expresar no discurso periodístico. Fundábase, así, a Axencia fotográfica cooperativa MAGNUM quen, á par de significar e defender cada avanzo específico no eido dos intereses profesionais,

continúa a tradición humanista e faina posible nun xénero como a fotorreportaxe; permete a chegada da foto-ensaio á prensa, e singularizase pola independencia e responsabilidade dos seus fotógrafos verbo das temáticas, os tratamentos e a edición das imaxes que producen, xerándose, no espíritu MAGNUM, a equipa da meirande relevancia e cualidade da fotoxornalismo no século XX.

No 1947 reuníranse autores emblemáticos como Robert Capa ou Cartier-Bresson, con David Saymour e Geroge Rodger, para fundar a MAGNUM. No 1993, tres fotógrafos personalísimos e dende tres culturas diferentes —Miguel Rio Branco, Martin Parr e Carl de Keyzer— fotografaron Santiago e situaron a imaxe da cidade e da capital de Galicia no Patrimonio Visual da nosa época.

Esta primeira producción da Universidade de Santiago é consecuencia da paulatina utilización do Salón Artesoado, e tamén da Capela Maior, para Mostras de Foto, coa sobranceira de Sebastião Salgado *Outras Américas,* ou coa da serie *American Way of Life* de Josep Renau. Agora, nun importante paso cualitativo, a Universidade decídese a intervir na Cultura da Foto producindo, directamente, SANTIAGO: TRES FOTOGRAFOS DE MAGNUM, con tres figuras diverxentes tocante a linguaxes e tamén nos modos de se enfrentar á cidade como suxeito da creación de imaxes: Miguel Rio Branco (Brasil), Martin Parr (Gran Bretaña), Carl de Keyzer (Bélxica).

Tal e como espuxen no texto de presentación, en tanto Comisaria da Mostra, razóns de oportunidade (Santiago e o 1993), razóns de actitude (ampliar o noso patrimonio visual), razóns de inutilidade (quizaves a estratéxia en que só pode xa arriscar a Institución universitaria) únense para considerar a Cidade como Suxeito histórico, como espacio constitutivo das formas de comportamento e onde é posíbel a comunicación polas expectativas de reciprocidade.

Non podemos ocultar, porén, que unha outra razón para meter en Santiago a Tres de Magnum é a atracción polo incerto, por cómo se irá establecer a relación de Rio Branco, Parr ou De Kayser cun burgo que se auto-representou como bocadiño de carta postal e sobre todo na snap-shot, a traveso de materiais míticos, recurrindo a todas as saturacións no ritual (do relixioso ao acohólico ou ao académico), e prendada do modelo ficcional: no souvenir turístico, na literatura de cordel, nos pronunciamentos político-literarios, nas loxias e o poder eclesial tardo-efectista que acaba de colocar tendas de chirimías na cripta para millor rentabilizar o Ano Santo.

Ao logo do 93, a cidade que fora pensada a imaxe de Deus, conxuga na súa política de representación intereses da sociedade civil (a transformación de usos) co retorno simbólico do descobremento do corpo do Apóstolo Iago (sinais de cántigos sobre un campo de estrelas) para que sustitúa, outravolta, as contradicións.

As xentes dispóñense a presumir de Compostela, a enfeitizar fachadas e festexos, a conversar en cada cruzamento co desexo de que chegue e pare e pregunte o que queira o viaxeiro. É evidente que a cultura e o diálogo co cotián transformaranse para o 93 e é evidente que as intervencións que se fagan no 93 quedarán polo seu valor indicial (como a Foto).

Nós acollémonos ao dereito de exhibición dende Tres autores e dende a súa decisión sobre como significar a imaxe da cidade. Obviamente que na vontade de producir esta

Exposición está a consciencia sobre o papel dos encárregos institucionais verbo da liber-tade de «rexistros» e para prácticas dificeis de se acomodar en curto ás leis do mercado.

Para SANTIAGO: TRES FOTOGRAFOS DE MAGNUM non é un risco a subver-sión de códigos ou luir contramán determinadas convencións que se xeraron na Publici-dade ou nos paradigmas da Foto-Atestado. A mesma idea do proxecto e a co-acción dende o desexo, a expresión estética e o modo de ollar de De Kayser, Rio Branco e de Martin Parr, poderán, en diante, conformar o noso imaxinario.

Ese prodixio no que se alimenta, na historia, Compostela.